



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 5 | Edición nº 55 | Xullo de 2022 | PRECIO 2 EUROS

Salvaterra inicia as obras de urbanización de Rúa Galicia

Páxina 4

ACiP denuncia a retención ilegal de 100.000€ por sancións

Páxina 4

A Xunta investirá 2,2M€ no abastecemento de auga en Arbo

Páxina 4

A concurso a ampliación e reforma da depuradora da Moscadeira

Páxina 5

Ponteareas presenta en Bruxelas o seu modelo urbano

Páxina 6

PP Ponteareas condena a expulsión de Belén Villar dun pleno

Páxina 8

Obras no xacemento do Castelo do Faro

Páxina 10

Entrevistas



Pablo Castillo
Alcalde de Covelo

“Maximizamos a dimensión social dos orzamentos”

Páxina 11

Marta Valcarcel
Alcaldesa de Salvaterra de Miño

“A PLISAN significa o futuro de Salvaterra”

Páxina 2



Portugal - Alto Minho

EDP vai investir 1.500 M€ em eólica 'offshore' até 2025

Páxina 13

Baloízo gigante com vista sobre o rio Minho em Cerveira vai ser retirado

Páxina 14

Agrupación Europea da Reserva da Biosfera do Gêres-Xures está en marcha

Páxina 16

REBAJAS

Ahora **50%** de descuento.*

Del 1 de julio al 31 de agosto de 2022

pikolin
Consultar modelos disponibles en la promoción

BOINSCON CENTER

MASTER
Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115

CONDADO/PARADANTA

Marta Valcárcel | Alcaldesa de Salvaterra de Miño

"A PLISAN significa futuro para o noso Concello"

Que expectativas ten para Salvaterra a instalación da PLISAN?

A PLISAN significa futuro para o noso Concello. É verdade que leva moitos anos de retraso, pero agora mesmo falamos dunha realidade palpable que vai traer consigo prosperidade e un futuro moi prometedor. Salvaterra é un dos poucos concellos que medra e que conta cunha taxa de natalidade positiva, ademais de contar con calidade de vida. No caso da PLISAN, o ano pasado deuse o primeiro paso coa primeira licenza da man dunha gran empresa como é Albo, e despois viñeron máis: Gainser, Betta Implants, Frinsa, Lonza, e moitas máis que virán detrás. A día de hoxe, e en aproximadamente un ano, xa

temos a metade do chan urbanizado desta primeira fase reservado, o que fai que teñamos moi boas expectativas sobre o despegue do maior polígono industrial de Galicia

Nun principio, o Concello de Salvaterra aceptaba non cobrar o que lle corresponde pola instalación das empresas, co afán de anima-las a que viñeran á PLISAN. Segue en vigor ese prantexamento?

Non se trata de aceptar non cobrar ás empresas, trátase de ser conscientes do problema que temos na raia, onde as nosas empresas marchan para o país veciño. Debemos ofrecer un prezo competitivo, e iso creo que o conseguimos co dereito de

superficie, que da unhas condicións excepcionais para poder adquirir un terreo e poder ser competitivo á hora de desenrolar a actividade industrial. Por outra banda, o Concello de Salvaterra de Miño tamén fai un esforzo fiscal importante, primando a creación de emprego e entrando dentro do grupo de concellos emprendedores de Galicia. Iso quere dicir que crear emprego en Salvaterra ten bonificacións, segundo o número de empregos, tanto na licenza de obra como no IAE e no IBI. Así, Salvaterra seguirá bonificando ás empresas que creen futuro

Que lle parece a proposta de Portugal de impulsar unha nova ponte para conectar coa PLISAN?



A proposta de Portugal ven na liña que este Concello ven demandando dende hai anos, que é a creación dunha nova Ponte Internacional que desconxestione a actual, por onde actualmente pasan máis de 10.000 vehículos diarios. Agora mesmo, coa posta en marcha da PLISAN, é máis necesario ca nunca e está claro que esa ponte ten que enlazar directamente co Polígono Industrial.

Slogans contra a violencia de xénero en Salvaterra

A arredor de 150 alumna/os participaron no XI Concurso de Slogans contra a Violencia de Xénero que anualmente promove o Concello de Salvaterra de Miño xunto co IES, ao abeiro da subvención do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade.

O gañador tén sido este ano "Quérete máis, quéreme máis" de Ivana García Gómez (2ºESO D) que, ademais do premio estipulado tén sido o utilizado para a confección

dos marcapáxinas sinalados así como outro material promocional da campaña de sensibilización posterior. Foron premiados asimesmo tres segundos slogans, "Na igualdade non hai superioridade" de Roberto Rajo Gómez (1º ESO A); "Non fagas tratos, co abuso sempre perderás" de Daniella Acuña Araújo (1º ESO C) e "Por unha, por todas" de Nuno Sampil Rodríguez (1º ESO D).

O concurso conta con 4 premios, tres deles valorados en 50€ trocables por material educativo, informático, deportivo,



roupa e/ou música e un primeiro premio, o slogan gañador, que ademais de recibir un premio de 150 euros trocable igual que os anteriores, será o

lema que se empregue na campaña de prevención e sensibilización para os marcapáxinas e outro material promocional da vindeira edición.

Excursión ao Natur Waterpark de Portugal

O Concello de Salvaterra organiza unha excursión ao Natur waterpark de Portugal, o 23 de xullo.

Tralo éxito da recente saída ao Parque Warner de Madrid, o Concello quere volver a saír coas persoas que o desexen, pero esta vez a un parque acuático máis propio do verán. O prezo da actividade vai dende 35 aos 40€, sendo de balde para os menores de dous anos, no que se inclúe: autobús; entrada ao parque; seguro de viaxe; e guía acompañante

A comida non está incluída, pero se pode levar picnic (non están permitidos os envases de cristal). Inscripcións ata o 15 de Xullo

M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro n°4, baixo, 36560 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS
GALICIA
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BIENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 986 155 506

VERÁN CULTURAL 2022
 DO 1 O 28 DE AGOSTO

O MUNDO A DANZAR 2019
 - LUNS 1 DE AGOSTO -

O SON DA MURALLA
 - SABADO 6 DE AGOSTO -

IMOS DE Guateque
 - SABADO 13 DE AGOSTO -

LXII FESTA DO VIÑO DO CONDADO DO TEA
 - 26, 27 e 28 DE AGOSTO -

CONCELLO DE **SALVATERRA DE MIÑO**

En marcha o XVIII Rally Sur do Condado



Este 1º de xullo foi presentado no Concello de Salvaterra de Miño o XVIII Rally Sur do Condado, que se realizará os días 8, 9 e 10 de xullo con saída dende este Concello e que contempla o Gran Premio Concello de Salvaterra de Miño, contando coa participación de 121 escuderías, un deles integramente feminino.

O evento, que ten o patrocinio da Federación Galega de Automobilismo e da Xunta de Galicia, contou coa participación

da alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, así como cos seus colegas e representantes dos Concellos que forman parte das Comarcas do Condado e Paradanta, sendo eles As Neves, Crecente, A Cañiza, Mondariz, Arbo, O Covelo e Pontearreas así como os Concellos de Mos e Salceda de Caselas, pertencentes á Comarca da Louriña.

Valcárcel destacou que das 18 edicións realizadas, en dezaseis delas a partida foi dende o Concello de Salvaterra.

Entrega dos Premios Educación

O Concello de Salvaterra de Miño fixo entrega este 5 de xullo dos premios da XVII Convocatoria "Premios Educación. Curso 2021/2022", que inclúe tres viaxes a Reino Unido (localidade de Worthing ao sur do

país) e 14 lotes informáticos.

Participaron neste concurso o alumnado do Instituto de Educación Secundaria e dos tres Centros de Educación Primaria de Salvaterra: CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Casares.

Capital histórica do Condado

CONCELLO DE **SALVATERRA DE MIÑO**

CONDADO/PARADANTA

Salvaterra de Miño inicia as obras de urbanización de Rúa Galicia

Rúa Galicia leva marcada no planeamento municipal dende o ano 93, tal e como o recollen as Normas Subsidiarias de Salvaterra de Miño

Esta é unha das rúas que vertebra o tráfico na Vila. Rúa que se foi abrindo pouco a pouco, e da cal queda un tramo pechado, e que agora debido ao gran tránsito de vehículos que ten Rúa Miño, pola súa conexión coa Ponte Internacional, fai máis necesario ca nunca que se execute coa máxima celeridade posible, co fin de vertebrar dunha forma máis eficiente o tráfico no Centro Urbano, cumprindo escrupulosamente co trazado marcado nas normas, a liña marcada no plano e cumprindo coa normativa vixente e a legalidade.

Gracias a un convenio asinado coa Xunta de Galicia de 500.000,00€ o ano pasado o Concello de Salvaterra puido



levar a cabo o proxecto de expropiación dos terreos por un importe total de 269.057,00€, cunha valoración do chan de 102,00m² e coa restante valoración de bens afectados como árbores, muros, plantas...

Este ano tócalle as obras, valoradas en 230.000,00€. Obras consistentes na urbanización do tramo de rúa Galicia entre as Rúas Curros Enríquez e Castelao

onde se realizarán movementos de terras, instalación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e alumeadado. Unha vez executados os servizos procederase a pavimentación do vial, a execución das beirarrúas e a colocación de árbores, bancos e papeleiras. Ademais realizarase un muro de contención no inicio do tramo de Castelao debido ao desnivel do terreo.

A Xunta investirá 2,2 M€ no abastecemento de auga en Arbo

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia Ethel Vázquez presentou o proxecto de obras de abastecemento de auga para o Concello de Arbo, xa licitado e cuxo prazo de presentación de ofertas vén de finalizar, sendo un total de 10 as empresas que trasladaron o seu interese por levar a cabo estas actuacións.

Acompañada do alcalde arbense, Vázquez explicou que os traballos teñen un prazo de execución de 8 meses, polo que antes de que finalice o próximo verán, os veciños de Arbo dispoñerán dunha rede de abastecemento renovada e eficiente. A intervención é froito da colaboración selada entre Xunta e Concello a finais do pasado ano, pola cal a Administración autonómica achega máis de 2,1 M€, ademais de contratar e executar



as obras; e o municipio poñen o financiamento restante, preto de 163.000 €.

Sinalou que estas actuacións resolverán os problemas no sistema de abastecemento municipal, tendo en conta que Arbo abastécese actualmente dunha captación de auga nos ríos Cea

e Deva, mediante a impulsión aos depósitos do Couto. A actuación busca solucionar as deficiencias na captación do río Deva, que abastece á práctica totalidade do municipio, unha vez finalizada a primeira fase das obras realizadas por Augas de Galicia.

Reordenamento do tráfico en Areas

O Concello de Ponteareas, a petición dos colectivos sociais de Areas, reordenará o tráfico rodado na contorna da igrexa parroquial e da Casa Cultural para recuperar ese espazo público para os veciños.

Con esta reordenación se establece que dende a N-120 uni-

camente poderá accederse até a igrexa e o torreiro, quedando prohibido circular por diante da Casa Cultural. Así mesmo, dende a estrada provincial poderase acceder e circular pola pista a carón da Casa Cultural pero a unha velocidade de 10 km/h e dando prioridade ás persoas.

ACiP denuncia a retención ilegal de 100.000€ por sancións



O voceiro de ACiP, Juan Carlos González Carrera, criticou que o Concello de Ponteareas retén ilegalmente uns 100.000€ por sancións a veciños durante os estados de alarma, descoñecendo a decisión do Tribunal Constitucional de outubro pasado sobre a devolución desas multas.

ACiP solicitou información sobre este proceso no Pleno Ordinario

do mes de abril. Informou da existencia das 400 sancións (unhas 115 no 2020 e 288 no 2021), que a unha media de trescentos euros de importe por cada unha sitúan a apropiación ilegal do Concello por enriba dos 100.000€. Non descartaron acudir ás autoridades competentes en caso de que o Concello non atenda estas demandas.

Piden atender demandas do SAF



O Grupo Municipal do PP esixiu en pleno municipal a comparecencia da alcaldesa Cristina Fernández Davila ou do edil responsable do servizo de Axuda no Fogar, ante

as repetidas protestas que os traballadores veñen protagonizando e denunciando diante do consistorio nas últimas semanas e que están a ser apoiadas por todos os partidos políticos.

Guillermo Rodríguez. Director



Seguimos a voltas coa educación

Para non perderme no labirinto de noticias actuais sobre as que se pode escribir, vou centrarme no tema educativo que, ademais, é do que entendo algo.

Resulta obvio que todo xira arredor da educación, da formación, da información. Unha sociedade desinformada ou mal informada, que ven sendo o mesmo, resulta vítima propiciatoria de todo o balbordo ao que se ve asulagada.

Os que me teñen lido dende hai bastante tempo por estes lares lembrarán que para min é un tema recorrente a manipulación dos medios de comunicación. Sempre digo, e afirmome no dito, que os medios son tóxicos. Xa sabemos o que é un tóxico. Unha substancia que contamina o noso organismo ata que pode, nalgúns casos, rematar por destruílo.

A nosa mente é ese organismo que se sente sometido a todo tipo de informacións cun sesgo moi determinante: manipular o nosa mente para que só acepte o que dende os medios lles facemos chegar.

Claro que isto así dito pode resultar para moita xente un atrevemento pola miña parte ou unha manía que se me meteu nos miolos. Nada máis lonxe da realidade. Isto é o resultado de levar 40 anos "metido entre costuras xornalísticas", parodiando a María Dueñas. En todos estes anos que tomei conciencia de por onde ían os tiros da información decateime que no fondo resultaba corrosiva, tóxica, porque se desenvolvía como lle petaba nun terreo fertilizado: o terreo da incultura informativa; o terreo no que os propietarios do mesmo non se preocuparon por ter preparada a terra onde se ía meter para xerminar a semente informativa tóxica. Somos un campo fertilizado para que os grandes lobbys informativos (organismos creados e mantidos pola agrupación de determinadas persoas, empresas ou institucións con intereses comúns coa finalidade de influír ao seu favor, nas decisións que toma o Poder político) nos conten os seus contos de Caperuciña Vermella.

A esta xente non lle fai falla, aínda, a utilización da intelixencia artificial (a coñecida por IA) para conformar mentes e decisións. Iso téñeno aí a tiro de pedra, a

unha carreiriña dun can. Pero, por agora, co sistema de control da información que teñen, coas técnicas de informar de todo para non dicir nada de nada, non precisan



máis que seguir nesa línea de desinformación ou de información teledirixida.

Haberá quen opine que iso non ten por que pasar; que os lectores de prensa, os consumidores de radio e televisión saben ben o que lles interesa, saben distinguir o que é bo e o que é malo para as súas vidas. Craso erro. E dígollo eu que, como, indicaba nun principio, levo media vida longa metido nestes líos. Para verse ceibe da influencia daniña dos medios de comunicación é preciso dedicarlle moitas horas diarias e durante moitos anos, sempre, claro está, que ademais dispoñamos dunha formación cultural mínima para poder decatarnos de como pretenden influír na nosa maneira de pensar.

Para que se fagan unha idea da toxicidade da que lles veño falando teñan en conta que os propietarios dos grandes medios, das grandes cadeas de televisión e de emisoras de radio non están diante dos micros, están na sombra pero moi atentos a todo o que se diga e se informe.

Ramonet, un home de Redondela, experto en temas de comunicación (foi director de Le Monde diplomatique moitos anos) e que se dedica a escribir sobre estas cuestións, asegura que hoxe nos xornalistas que pasan a formar parte do cadro de persoal dun

medio calquera, cando comencan a súa andaina xa saben que non lle pagan por dicir o que realmente observan na sociedade. Saben que hai temas, os realmente importantes, dos que non se pode falar nin escribir. Se vdes., amigos lectores, se toman a molestia de facer unha breve análise, como eu lles facía aos meus alumnos durante moitos anos, de como tratan un tema calquera dos que son noticia a diario, poderán comprobar como unha morea de medios, practicamente todos, van coincidir nos titulares de portada e nos titulares interiores das noticias de calado. Poñamos por caso a última Conferencia da OTAN en Madrid. Pola televisión puidemos decatarnos de que as cousas lle saíron ao goberno máis ou menos a xeito. Non imos nós caer na simpleza de calificala de "éxito rotundo", pero si de un certo acerto na maneira de desenvolve-lo en todo ese maremágnun de autoridades e de actos públicos.

Ben. Ata aquí cáseque todos de acordo. Ata o presidente do maior partido da Oposición (o Sr. Feijóo que todos por estes lares coñecemos ben) non lle quedou outro remedio que calificar de éxito os resultados da cita; non entanto, a renglón seguido xa se encargou de apostilar que foi un éxito, si, pero dun goberno partido en dous porque os membros do Grupo confederal de Unidas Podemos non acepta que se gasten cartos en armamento e pide que se gasten en axudar aos máis necesitados. Podería abrírselle o corpo para aceptar que resulta unha esixencia moralmente moi defendible, pero non foi así. Todos os medios que defenden os intereses do grande capital saíron en trompa con titulares que pretendían rebaixar o éxito da cita política máis importante a nivel global destes momentos. O Presidente Sánchez, viñeron a dicir, tivo un certo éxito, pero non foi quen de controlar o seu goberno. Como se "controlar" fora a función dun Presidente dun goberno de coalición no que conviven, pola súa propia composición, dúas almas diferentes en termos de preocupacións sociais.

Pero por se este posicionamento non fora suficiente para "darlle caña ao goberno", o Sr. Feijóo di estar disposto a botarlle unha man ao presidente do goberno

para sacar adiante os asuntos comprometidos nos que os membros máis a esquerda do goberno non están de acordo. Claro que, aquí está a trampa, sempre que Pedro Sánchez se desprende dos membros do goberno que non están de acordo con investir en armamento; ou sexa, sempre que Pedro Sánchez desfaga o seu goberno. A calquera cun mínimo de ética e de decencia política non se lle ocorre ofrecer "esa axuda envenenada".

Pero, que opinan os lectores dos diarios estes días? Que escoitamos nos parladoiros das televisións e das emisoras de radio? Pois algo moi sinxelo: este goberno non pode seguir así; ten que cambiar de socios ou senon será criminalizado politicamente día tras día. Pero cales son as razóns de semellante comportamento? Acaso será porque conseguiron aumentar o soldo básico dos traballadores? Por que decidiron aumentar as pensións nun 2.5 % fronte ao 0,25% dos gobernos anteriores da dereita? Será, acaso, por que están falando de que as empresas que nos chupan o sangue por medio dos combustibles deben pagar máis impostos porque nesta situación complicada para a maioría dos españois, eles, as empresas, están gañando máis cartos ca nunca?

Non, obviamente trátase de crear nas mentes populares a idea de que hai que cambiar este goberno. Para que? Podemos preguntármolos. Para facelo mellor nese campo que antes citabamos? Non, non. Aos grandes lobbys non se lles pode tocar un pelo. Saben que o presidente de Iberdrola, aquel que dixo que éramos todos uns tontos por pagar a electricidade, gaña por semana 39 millóns de euros? Si, si. Non se escandalicen. E saben que a través da publicidade e das participacións nas empresas editoras estes gurús controlan os medios de comunicación nos que vdes. beben a diario o líquido elemento que a eles lles interesa que beban? A que non o saben, ou si?

Ben, pero todo isto que ten que ver coa educación, coa formación, con estar ben informado? Pois todo; absolutamente todo.

Se os lectores de xornais, os consumidores de televisión e de radio tiveran uns mínimos coñecementos de como funciona

Continúa na web www.novasdoeixoatlantico.com

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

A ampliación e reforma da depuradora da Moscadeira, a concurso por 8,3 millóns

O Concello de Ponteareas amosa a súa satisfacción por este novo avance nunhas obras que, como sinalou a alcaldesa, Cristina Fdez. Davila, son "imprescindíbeis para solucionar dous grandes problemas históricos de Ponteareas: a contaminación do Tea e a falta de saneamento no rural". Cun orzamento de 14,1 millóns de euros este proxecto suporá "o maior investimento da historia da nosa vila nun equipamento municipal tras varios anos de conversas e innumerábeis xestións que remataron nun exemplo de colaboración e entendemento entre institucións polo ben de Ponteareas".



O prazo previsto é de 30 meses, que inclúe 5 meses para a redacción do proxecto construtivo, 19 meses de execución da obra e 6 meses de posta en marcha. As obras, que inclúen depuradora e

colectores, están cofinanciadas ao 50% polo Estado a través do FEDER 2014-2020; ao 30% polo Concello de Ponteareas e ao 20% pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

Dez deportistas representaron a Ponteareas nos XIV Xogos do Eixo Atlántico celebrados en Maia

Neste evento deportivo transfronteiriño que reuniu a máis de 2.400 participantes, a delegación ponteareá, composta por dez nadadores e nadadoras do CN Ponteareas acompañados de técnicos, participaron na xornada inaugural desta edición e competiron nas categorías de natación e natación adaptada. Como é habitual nesta cita, esta edición integra modalidades de deporte adaptado que contan coa participación de 200 persoas e coas que se busca eliminar barreiras e fo-



mentar a participación deportiva de toda a mocidade.

Con récord de participación, nesta nova edición estiveron representadas 28 cidades do Eixo Atlántico: ademais de Ponteareas,

competiron deportistas de Lugo, Ourense, Carballo, O Barco de Valdeorras, Pontevedra, Monforte de Lemos, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Sarria, Santiago de Compostela, Vigo, Maia, Matosinhos, Gondomar, Bragança, Famalicão, Vila Nova de Gaia, Vila Real, Peso da Régua, Valongo, Braga, Barcelos, Viana do Castelo, Santa María da Feira, Amarante, Guimarães e Póvoa do Varzim.

Dende a súa orixe en 1995, os Xogos organizanse cada dous anos e constitúen un evento deportivo transfronteiriño único en Europa.

Garantido o comedor para o CEIP Fermín Bouza Brey

O Concello de Ponteareas amosa a súa satisfacción ante a notificación da Xunta de Galicia de que asumirá a xestión do comedor escolar do colexio público CEIP Fermín Bouza Brey, único centro público ponteareá do que o goberno autonómico non asumira o servizo.

Durante os últimos seis anos o Concello asumiu a xestión deste comedor. A Xunta de Galicia comunicou ao Concello de Ponteareas que a Consellaría de



Educación procederá á licitación deste servizo para o curso 2022/2023.

Realidade virtual para a formación forestal



O alumnado do obradoiro de Conservación Forestal que se está a celebrar no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas iniciouse no manexo dunha procesadora e dun autocargador grazas ao simulador de realidade virtual cedido estes días pola Axencia Galega da In-

dustria Forestal (Xera) a través da Escola de Enxeñaría Forestal da Universidade de Vigo.

Este simulador, cedido dende o pasado 15 de xuño ata o luns 27, recrea tanto nunha pantalla como nuns lentes de realidade virtual o funcionamento dunha procesadora John Deere.

CONSTRUCCIÓN EN GENERAL - REFORMAS - CANTERÍA - PANEL SANDWICH

Tafi

VALIÑO, S.L. SALVATIERRA DE MIÑO

FRAN: 637.993.690 | tafisalvatererra@gmail.com

Talleres
Guiller Motor

Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41

PONTEAREAS

Concellos do Eixo Atlántico interésanse pola caldeira de biomasa

Representantes de concellos galegos e portugueses do Eixo Atlántico estiveron na vila para manter un encontro de traballo e visitar “a caldeira de biomasa municipal e a rede de calor urbana, un campo no que Ponteareas foi tremendamente innovador”, segundo explicou o Secretario Xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez. A reunión estivo presidida pola alcaldesa de Ponteareas e presidenta do grupo temático, Cristina Fernández, e o propio Xoán Vázquez, quen destacou a importancia do encontro, “queremos que as nosas cidades aposten por este tipo de caldeiras, das que coñecemos algunhas das postas en marcha en Europa, e Ponteareas representa o que levamos anos tentando trasladar ás cidades do territorio por enerxía, por medio ambiente e polo impacto importantísimo na prevención dos incendios”.

A rexedora explicou ás máis de 40 persoas participantes como foi a creación desta rede urbana de calor con biomasa que na primeira fase dará servizo á residencia de maiores e ao centro de día, ao Centro Social, á escola infantil municipal e á Casa do Concello. Unha iniciativa financiada con fondos FEDER da UE no



marco da estratexia ‘Ponteareas, Hábitat Saudábel’ coa que o Goberno municipal “aposta por sistemas que supoñen un importante aforro económico tanto no gasto de consumo como de mantemento, e que diminúen considerablemente as emisións a atmosfera”. Durante a reunión, o Grupo Temático de Sostibilidade Urbana do Eixo Atlántico avanzou no seu Plan de Descarbonización, para reducir e optimizar o consumo enerxético en todos os ámbitos municipais, e fomentar a produción local de enerxía renovábel.

Tamén asistiron a concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo; a segunda tenente de alcalde, Chus Garrote e autores do Plan de Descarbonización, o catedrático en Ecoloxía Emilio Fernández e o experto en sostibilidade urbana Francesc Cárdenas.

Ponteareas presenta en Bruxelas o seu modelo urbano

Alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, participou en Bruxelas como conferenciante nun foro de política urbana no que explicou ante participantes de nove países da Unión Europea o modelo de desenvolvemento urbano da vila, centrado especialmente na recuperación de espazos públicos para as persoas, así como o modelo de rede de calor municipal.

No foro debatéronse modelos de éxito en cuxas experiencias se basean as futuras políticas urbanas, tanto no ámbito dos contidos como no dos fondos europeos que se viabilicen. Así, Fernández Davila, resaltou a consecución da EDUSI ‘Ponteareas, Hábitat Saudábel’, que permitiu á vila contar con 5 millóns de euros de fondos europeos FEDER para desenvolver o novo modelo e poñer en marcha estratexias “para ofrecer á veciñanza espazos amábeis nos que poida combinar lecer e descanso”.

O Camiño Escolar Seguro, o cambio



das luminarias públicas a tecnoloxía LED ou as obras de eficiencia enerxética e a posta en marcha da rede de calor municipal foi algún dos puntos nos que afondou Fernández Davila. A participación de Ponteareas foi apoiada polo Eixo Atlántico, que segue con especial interese a experiencia da rede de calor con biomasa como fonte de enerxía renovábel, que considera moi innovadora.

A alcaldesa compartiu conferencia coa vicepresidenta da Cámara de Guimaraes, Adelina Pinto; a rexedora da localidade italiana de Empoli, Brenda Barnini; e o eurodiputado Marcos Ros.

MARPI
Pisos Casas Solares
Vendas Compras Alquileres

R/ Ariado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 68 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

LA OJIVA
ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Tel: 659 374 868 - laojivagastrocom@ca@gmail.com

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 660 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

By Barriguiñas
Especialista en Ceremonia infantil, arras, comunión e bautizo

627053847
María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

FERRETERIA EL PUENTE
GUISANFER, S.L.

Rúa Real, 91
36860 Ponteareas
Pontevedra

986 640 192 / 665 170 107
elpuente@guisanfer.com

ZOE
LENCEIRA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

URUGUAY 107, Ponteareas - 36860

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

PP Ponteareas condena a expulsión de Belén Villar dun pleno municipal

No pleno municipal do Concello de Ponteareas celebrado este 30 de xuño, a voceira do Partido Popular Belén Villar foi expulsada por indicación da alcaldesa Cristina Fernández Davila e do concelleiro Roberto Mera no momento en que, segundo indicaron fontes "populares", se discutía o tema da privatización do contrato da auga por parte do goberno BNG-PSdeG/PSOE.

O motivo da expulsión debeuse ao cruce verbal entre a Fernández Davila e Villar a consecuencia das acusacións da alcaldesa contra a voceira "popular" de presuntamente "amañar

contratos con cargos públicos". Isto provocou as respostas por parte de Villar pedindo á alcaldesa que retirase esas afirmacións da sesión plenaria por considerar que "non teñen fundamento", esixindo así mesmo á rexedora que se desculpara.

Tras tres chamadas á orde por parte da alcaldesa por interrupción de palabra e incluso a intervención do concelleiro Roberto Mera invocando o artigo 37 do regulamento orgánico dos plenos municipais, Fernández Davila pediu a Villar que abandonara o pleno, negándose esta a facelo.

Ante a expulsión de Villar, o



PP Ponteareas informou que "tomará as accións que correspondan", aproveitando para criticar o "lamentable nivel de crispación" existente no Concello.

Presentación da guía dos herbarios de San Xoán

Dores Pereira e súa filla Paula Lago presentaron este 22 de xuño no museo municipal de Ponteareas o libro 'Herbas da noite. Unha guía expresionista das Herbas de San Xoán', que recolle os usos populares e propiedades das plantas que se apañan na véspera do 24 de xuño e que recompila información que foi transmitíndose de xeración e xeración na contorna familiar e veciñal das autoras.

Este libro, inspirado en herbarios como o que publicou Emily Dickinson en 1845, é unha guía que reúne un total de 27 plantas da súa zona coa súa denominación



popular e latina, recollendo os trazos morfolóxicos básicos e información adicional sobre os seus usos máis populares, ditos e receitas.

O PP Solicita prórroga sobre a nova normativa de biorresiduos

O Grupo Municipal do PP debaterá en pleno solicitar ao Goberno Central unha prórroga para que Ponteareas poida adaptarse á nova normativa de recollida de biorresiduos marcada pola Unión Europea.

Os populares consideran que o artigo 25 da normativa estatal Lei 7/2022 de residuos e chans contaminados para unha economía circular, choca coa normativa europea, xa que establece prazos diferentes.

Feira do Libro en Ponteareas

Ponteareas acollerá unha nova edición da Feira do Libro que, do 14 ao 17 de xullo, encherá a Praza Maior de sinaturas de libros, presentacións, recitais, actuacións e obradoiros para todos os público.

Na feira participarán as librarías

Cortizas, Ledo, Milfollas e Terra. As casetas estarán abertas ao público de 12.00 a 14.00 e de 18.30 a 22.00 horas, agás o xoves 14, a xornada inaugural, que abrirá só na quenda de tarde, e o sábado 16, que adiantará a apertura da mañá ás 11.00 horas.

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

CAFÉ
C.A.S
RESERVAS Y PEDIDOS
604 07 93 04
DESAYUNOS
MENU DEL DIA
FINES DE SEMANA
MENU ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR
Rúa Vidales Tomé Nº 4, 36060 - Ponteareas

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

Vinoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulpa e docas ...
Rosalia de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril
■ OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
■ TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
■ PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
■ ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO
Teléfono (910 495741) www.mga@hotmail.com

TRAGA D'EIRA
Rúa Do Pazo 14, 36204 Bouzas (Vigo)
Bodegón

A licitación a reforma do edificio para o Centro de Dinamización Empresarial

O Concello de Ponteareas vén de sacar a licitación a obra de reforma e acondicionamento das plantas segunda e terceira dun edificio situado na Praza Maior número 13 para o seu uso como Centro de Dinamización Empresarial.

Con esta rehabilitación, o Goberno municipal converterá este inmobile nun espazo que albergará, centralizará e facilitará diferentes accións coas que “impulsar o emprendemento na nosa vila e fortalecer o tecido económico e social, xerando un espazo de referencia moderno, accesíbel, aberto e ben planificado co que ofrecer á veciñanza un lugar para traballar e crecer”, destaca a alcaldesa, Cristina Fernández Davila.

Así, o Centro de Dinamización Empresarial contará con espazos de traballo para persoas emprendedoras, coworking e oficinas



de viveiro de empresas, unha oficina de asesoramento, unha sala de formación modular e versátil ou unha zona para albergar o servizo SmartPeme, entre outros espazos

A obra de reforma e acondicionamento sae a licitación por un orzamento base de 409.000

euros, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa EDUSI 'Ponteareas, Hábitat Saudábel'. As empresas, entidades ou persoas interesadas poderán presentar as súas ofertas ata as 14.00 horas do vindeiro xoves 14 de xullo.

Ponteareas súmase ao colector marrón

O Goberno municipal vén de conseguir fondos europeos por valor de 52.000 euros para comezar o proceso de implementación do quinto colector para a recollida selectiva de biorresiduos, restos de alimentos e vexetais, un proxecto no que a Concellaría de Medio Ambiente leva traballando moitos meses.

O Concello comezará a dotar

dun colector marrón zonas do centro urbano que atenderán a arredor de 1.400 vivendas, tanto de particulares como de grandes xeradores. A iniciativa incluírá ademais caldeiros domésticos para acumular os restos orgánicos de uso doméstico, caldeiros para grandes xeradores e bolsas compostábeis, así como unha campaña de información e sensibilización á veciñanza.

Aberto o prazo de solicitude da Aula Matinal do curso 2022/23

O Concello de Ponteareas xa ten aberto o prazo de solicitude para inscribir a nenos e nenas na aula matinal dos centros educativos públicos de Ponteareas que, un ano máis, o Goberno municipal subvenciona nos colexios de infantil e pri-

maria tanto no ámbito urbano como no rural.

As familias interesadas poderán acceder ao formulario de inscrición a través da páxina web do Concello, descargándoo no espazo dedicado á Aula Matinal no apartado de Ensino, ou ben recolléndoo de forma

presencial no Departamento de Ensino na casa do Concello ou nos centros educativos. Unha vez cuberta a solicitude deberá entregarse no Rexistro do Concello ou a través da sede electrónica. O prazo de solicitude remata o vindeiro 20 de xullo.

10ª edición **Rock in Tea** **22/23 Xullo 2022**

VENRES 22 de XULLO ALUMNOS DO CDM (Rock School)

SÁBADO 23 de XULLO

SonDaRúa
O Caíman do Río Tea
DJ Celsus

Ángel Stanich
Grande Amore **Best Youth**
los Fusiles **Sibelclan**
DJ Celsus

PARQUE DA FEIRA VELLA · PONTEAREAS

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO 986 644 036
www.covelo.cc

grupoluco@covelo.cc

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

MOCOSINES

ZAPATOS Y COMPLEMENTOS PARA NIÑO

Tfno: 986 18 25 43
C/. Amado Garra, 9-bajo - PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

Obras no xacemento do Castelo do Faro

O Concello de Covelo traballa na protección e posta en valor do patrimonio cultural e arqueolóxico e informa que un equipo de arqueólogos vén de rematar os primeiros traballos de investigación realizados no posible xacemento do Castelo do Faro.

Ante os indicios atopados o Concello, en colaboración coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador de

Prado e co apoio da Deputación de Pontevedra, encargou os primeiros traballos que datarán os restos arqueolóxicos atopados. O equipo de arqueoloxía, formado por José Costa, João Fonte, Carlos Otero, Francisco Alonso, Víctor Vicente e Sara Díaz, explicaron que se identificou un recinto que cingue dous cumios seguindo a pendente natural da montaña. Na súa opinión, esta estrutura ten unha técnica construtiva moi in-

teresante porque crea o muro con dúas pedras graníticas grandes fincadas colocadas de xeito paralelo con pedras pequenas no medio a modo de recheo.

Haberá que agardar uns meses ata que o equipo poida datar este xacemento pero xa barallan tres hipóteses, ou inicios da Idade Media, ou inicios da época Romana ou da Idade de Bronce. Do que si están seguros é de que o patrón do asentamento indica que ten



unha intencionalidade de amosar un poder político xa que encaixa en patróns de uso agrario ou campesiño.

O Covelo mellorará a pista deportiva de Pazos

Cun investimento de 44,969.76€ no marco do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, o goberno de Covelo executará o proxecto de mellora da pista deportiva de Pazos que contará na súa contorna cun parque infantil e cunha zona biosaludable.

O proxecto contempla actuar nunha superficie total de 650 m². O alcalde Pablo Castillo explicou que esta obra está en-



marcada na estratexia de mellora e oferta de espazos e servizos públicos de calidade así como pór en valor a vida no rural.

Programación de verán no Covelo

O alcalde Pablo Castillo e a concelleira Lourdes Enes presentaron a programación de verán no Covelo, que aposta por actividades para todos os públicos e franxas de idade, con deportes, excursións, teatro, música e contacontas, entre outras moitas propostas.

Como novidade, o programa incorpora dúas xornadas de percorrido dos dous tramos da Vía

Mariana así como das excursións "Coñece Covelo". Tamén concertos con Pelepau, Antonio Barros, o de Música no Ar, o cuarteto de saxofóns Dextrum Ensemble, Los Lunes al Sol, Banda de Música de Mondariz, Breocáns, Pandeteiras do Suído ou Ferriñas da Guía súmanse á música das orquestras, das charangas e á programación do XIV Ciclo de Música Religiosa de Barcia de Mera.

Apertura da piscina municipal de Covelo

O concello de Covelo informa á cidadanía da apertura da piscina pública municipal que a partir do venres día 1 de xullo e ata o 4 de setembro permanecerá aberta en horario continuo dende as 12 horas ata as 20 horas de luns a

venres. O concello lembra que as clases de ximnasia de mantemento para adultos e as de natación para nenos, nenas e adultos serán totalmente de balde previa inscrición nas propias instalacións ou na biblioteca municipal.

XLI FESTAS PATRONAIS E DO CHURRASCO Covelo 2022

Sábado 23 Xullo
20.00h. Animación e música infantil. Beñica Vail. "Los Gatos de México".
22.00h. Festa da Juventude Disco Músc. GIPZ, ZARZUR, SWEET + CHICO LOPEZ. DJ Pedro Garmza + DJ Mosa + DJ Tealim. Hóms + DJ María Quiñ. Ana María García López.

Domingo 24 Xullo
23.00h. Gran Verbena Orquestra La Danzandina. Tío Lembe. Al Sol.
Para Máis Información:

Luns 25 Xullo
12.00h. Misa Solenne na Igrexa de San Xoán do Castelo con quincanilla acompañada da Banda de Música de Mondariz.
13.00h. Despede na Igrexa.
Mostra de Produtos de Covelo e de Artesanía. Galaxia do Campo de Pazos.
13.15h. Concerto Banda de Música Mondariz. Ana María García López.
14.00h. Festa Churrasco na Hostalaría Gran Churrascada no Campo de Feira. Galaxia do Campo de Pazos.
18.00h. Charanga SDIC. Galaxia do Campo de Pazos.
18.00h. Breocáns. Pandeteiras do Suído.
19.00h. Pelepau. Cuarteto de Saxofóns Dextrum Ensemble.
19.00h. Chocapan para a noite toda. Ana María García López.
21.00h. Orquestra Talismán. Ana María García López.

Luns 25 de Xullo ás 14h. GRAN CHURRASCADA
Churrasco, pementos, pan e viño
Prezo: 6 euros
15€ empadronados con retirada anticipada dende o 4 ao 22 de Xullo, nas oficinas do Concello.

www.concellodecovelo.es

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Pablo Castillo | Alcalde de O Covelo

“Tentamos que os orzamentos das festas teñan un compoñente social”

Juan Pablo Castillo Amigo (PP) é desde 2015 alcalde do Concello de O Covelo, que celebrará as súas festas neste mes de xullo. Con el conversamos sobre a actualidade municipal deste Concello da Paradanta así como dos proxectos que está desenvolvendo durante a súa xestión.

Xullo é mes de festas para O Covelo. Como está organizando o Concello estas actividades?

Pretendemos acadar varios obxectivos: realizar actividades lúdico festivas ó longo de todo o verán; levar a programación ás parroquias para favorecer a relación entre a veciñanza e mellorar a cohesión social, dando a coñecer outros lugares do Concello; e deseñar unha oferta de actividades que teña en conta a toda a poboación. En definitiva, tentamos maximizar a dimensión social dos orzamentos das festas.

Tamén está a Vía Mariana. Revitalizárase este 2022 esta ruta de peregrinación por Covelo?

A Vía Mariana é unha oportunidade que temos que aproveitar porque pode axudar moito a nosa economía, situándonos no mapa das grandes rutas e camiños. O Concello seguirá apoiando a súa promoción así como coa limpeza nas seis parroquias de paso. Debemos de agradecer aos seus precursores Luís do Freixo e Antonio de la Riera, así como á Asociación Vía Mariana entre os que están comunidades de montes, asociacións culturais, concellos e outros axentes sociais. Na actualidade pódese percorrer con menos masificación que a que presentan outros camiños, disfrutando do rico patrimonio medioambiental, cultural, etnográfico e relixioso. **O seu goberno destinará máis de 350.000€ na mellora dos servizos públicos. Podemos falar de boa saúde económica municipal?**

Este ano aprobamos en pleno por unanimidade as contas anuais de 2021, que remitimos ao Concello de Contas, cun remanente líquido de tesourería de algo máis de 1 millón de euros que ata agora o goberno central non nos

permitía investir. En todo caso, faremos uso dun máximo do 60% dos remanentes existentes, coa intención de manter reservas de tesourería suficiente para facer fronte a pagos anticipados de futuros investimentos.

"A Vía Mariana é unha oportunidade que temos que aproveitar"

Aprobamos distintas obras e investimentos como a adquisición dun novo camión de recollida de lixo; un novo brazo desbrozador para limpeza de vías municipais e prevención de incendios; a mellora dos sistemas de abastecemento de augas municipais e instalación de novos sistemas de limpeza e control sanitario; a aportación municipal a obras de mellora de espazos públicos como a remodelación da praza e o entorno rural de Paraños.

Dentro do apartado de adquisicións patrimoniais, síntome especialmente satisfeito de aprobar a proposta de adquisición do Serradeiro Os Carranos de Maceira por tratarse dun elemento que forma parte do noso patrimonio histórico que debemos manter e conservar como un dos principais atractivos turísticos e culturais. Ademais, estamos traballando en varias propostas de adquisición de terreos para mellora e ampliación de sistemas de saneamento así como adquisición de inmobles para dependencia municipais. que contén con financiación de outras administracións ou a necesidades imprevistas de gasto.

Que sectores se verán máis beneficiados con estes investimentos?

Podemos dicir que é unha pro-

posta de investimentos públicos que beneficia a toda a veciñanza e que procura o ben común, dende servizos básicos ata a adquisición de patrimonio cultural. No capítulo de investimentos, incrementaremos un 50% os recursos orzamentarios destinados ás políticas de axuda no fogar e atención a persoas dependentes no domicilio. **No relativo ao patrimonio arqueolóxico, como van os traballos no xacemento do Castelo de Faro?**

Os traballos duraron unha semana e remataron o pasado 17 de xuño. Os arqueólogos informáronnos que os achados foron importantes en canto á dimensión e técnicas de construción dos muros de peche e reforzos da fortificación, que ten forma ovalada e que rodea o punto mais alto da Serra do Faro. Está nun lugar denominado Alto do Castelo, e quizais nese nome estaba a primeira sinal para o seu descubrimento. Teñen que finalizar os traballos de análise con métodos físico químicos de laboratorio e técnicas de luminiscencia co fin de datalo asentamento, barallando tres hipóteses: inicios da Idade Media, inicios da época Romana ou Idade de Bronce. O informe final o determinará e para nós suporá recuperar parte da nosa historia e patrimonio común.

Quero agradecer ao grupo de investigación Romanarmy.eu e aos arqueólogos José Costa, Joao Fonte, Francisco Alonso e Manuel Gago por ofrecernos a posibilidade de levar a cabo esta intervención arqueolóxica. Tamén á directiva da Comunidade de Montes de S. Salvador de Prado e ao seu presidente José Fernandez Muradás, pola boa disposición para autorizar os traballos no seu monte comunal, e á Deputación de Pontevedra



por aceptar a nosa petición de financiación.

O Concello está impulsando iniciativas en materia de igualdade, saúde sexual e prevención contra a violencia de xénero. Como está sendo a receptividade cidadá ás mesmas?

Con estas iniciativas tratamos de concienciar e avanzar no cumprimento do que nos di o artigo 14 da Constitución, que preserva a igualdade de todos sen prevalecer discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera circunstancia persoal ou social. Deste xeito, asinamos convenios de colaboración coa asociación LGTBI Condado – Paradanta, organizamos charlas de concienciación e actividades deportivas de grupos contra a violencia de xénero.

Preservación do medio ambiente e optimización do servizo de auga potable. Que proxectos está levando a cabo o Concello?

Acabamos de presentar ao IDAE (Instituto para a diversificación e aforro enerxético do Ministerio para a transición ecolóxica) unha solicitude de subvención para a renovación a tecnoloxía LED de todo o alumeadado público que falta por instalar por importe de aproximadamente 900.000 €. Esta actuación permitirá un considerable aforro no consumo, a redución de emisións de CO2 á atmosfera e unha menor contaminación lumínica.

Ademais, con cargo a subvencións de mellora da Rede Natura da Consellería de Medio Ambiente, solicitamos e executamos actuacións para a eliminación de es-

"É unha excelente noticia que se poña en funcionamento definitivamente a PLISAN"

pecies invasoras no entorno do río Tea, a limpeza e acondicionamento de espazos de interese medioambiental como os pasos de Pereiras e Redondo, a mellora e coidado das sobreiras de Chan de Mons, e o acondicionamento do acceso e sinalización dos mananciais de augas sulfurosas en Lourido. Tamén traballamos na limpeza de mananciais, redes de distribución e depósitos durante todo o ano e melloramos os sistemas de garantía sanitaria e potabilidade, pero temos que ser consciente de que debemos facer un uso responsable da auga.

Finalmente, como observa o Concello os avances en torno á PLISAN?

Para todos os concellos do Condado e Paradanta, así como para a Área Metropolitana e o territorio fronteirizo Galicia e Norte de Portugal, é unha excelente noticia que se poña en funcionamento definitivamente a PLISAN porque será unha fonte de creación de emprego, mellora de oportunidades de negocio e crecemento económico, que traerá un cambio nas dinámicas de poboamento de toda a área de influencia. Debemos aproveitar as sinerxías e o efecto atracción da área loxística e industrial, con servizos públicos próximos e de calidade nun entorno natural coidado, tranquilo, con ofertas atractivas de ocio e ben conservado.

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Aplicação turística Travizco conta com Monção

Projetando uma dimensão global, Monção é o primeiro município a aderir à plataforma digital.

A Travizco, aplicação turística para Android e IOS da empresa Impact Zero Solutions, Lda, é uma marca registada a nível europeu, em quatro idiomas (português, francês, inglês e castelhano), com informação em texto e áudio, estando preparada para o processo de internacionalização, de forma a chegar ao maior número de países.

A apresentação decorreu esta manhã, no Núcleo Museológico Torre de Lapela, contando com a presença do autarca monçanense, António Barbosa, do CEO da Impact Zero Solutions, Lda, Bernardo Machado, bem como do representante do Porto e Norte de Portugal, Inácio Ribeiro, e do Alcalde de As Neves, Xose Manuel Mendez.

Para António Barbosa, a aplicação constituirá “um facilitador de visita ao nosso território”, promovendo “tudo aquilo que temos para oferecer”, de uma forma “gratuita, inovadora e pormenorizada”, captando a “atenção, interesse e curiosidade dos visitantes”

Nesta aplicação com potencial extraordinário, adiantou António Barbosa, “as portas do concelho estarão abertas ao visitante durante as 24 horas”, permitindo



“uma vantagem turística elevada para o nosso território que, desta forma, passa a ter uma maior visibilidade e notoriedade”.

“Além do toda a informação disponível na aplicação, existe ainda a opção do QR Code, em meia centena de monumentos do nosso concelho, e a possibilidade de incorporar eventos com duração limitada como, por exemplo, a Feira do Alvarinho de Monção” acrescentou.

Plataforma inovadora e integradora

Apontando como objetivo transformar a Travizco numa marca global, António Machado destacou a “componente altamente inovadora da plataforma”, que garante “pesquisar na aplicação, usar o leitor de códigos QR e fazer visitas em modo exploratório e automático”.

António Machado realçou a vantagem da Travizco ser a única aplicação com a opção “mãos livres”, possibilitando o seu funcionamento como áudio guia, isto é, sempre que o visitante se aproximar de um ponto de interesse, a aplicação, automaticamente, começa a contar a sua história.

Aberta a todas as instituições e empresas que queiram promover-se num contexto agregador e inclusivo, o CEO da Impact Zero Solutions, Lda, tem uma estratégia bem definida para a empresa, querendo fazer desta uma referência mundial: “a médio prazo, o nosso objetivo é que quando alguém pensar em turismo, pense, instantaneamente, no nome Travizco”.

Descarregue, gratuitamente, a APP para Android e IOS

Banda desenhada “O Reino do Alvarinho” apresentada na FNAC do Braga Parque



Launched o primeiro volume de um conjunto de três que, através de histórias ilustradas, convidam à descoberta desta casta elegante e singular e do território que lhe confere alma e corpo.

A Câmara Municipal de Monção, representada pelos vereadores Agostinho Correia e Daniela Fernandes, e a agência de comunicação MarkaBranka, com Márcio da Rocha, Fábio Alves e Rafael Pereira, apresentaram, no passado domingo, ao final da tarde, na Loja FNAC do Braga Parque, a banda desenhada “O Reino do Alvarinho”.

Laçada em parceria com a Zero a Oito, a banda desenhada é dedicada à promoção e valorização da Feira do Alvarinho de Monção, com regresso marcado

para o próximo fim de semana, 1, 2 e 3 de julho, bem como, às restantes maravilhas que fazem parte deste território fascinante e lendário.

São três volumes que, através de histórias ilustradas, pretendem incentivar o gosto pela leitura, promover os valores que nos distinguem, alargar o conhecimento da nossa identidade cultural e convidar à descoberta da nossa região. De momento, foi lançado o volume 1 “A Origem”.

A apresentação da banda desenhada foi complementada com a exposição da coleção exclusiva de peluches, tendo os presentes, em particular as crianças, evidenciado interesse e curiosidade com o Coquinhas, Capitão Lampreia, Dona Rosca, João da Raya e “A Maravilha”.

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

EDP vai investir 1.500 M€ em eólica 'offshore' até 2025

A EDP vai investir cerca de 1.500 milhões de euros em energia eólica no mar ('offshore'), através da Ocean Winds, que pode representar até 17 gigawatts (GW) de capacidade renovável no oceano, anunciou hoje o presidente executivo, adiantando, ainda, que pretende usar a tecnologia do WindFloat, em Viana do Castelo, noutros projetos.

"Vamos investir cerca de 1.500 milhões de euros em projetos renováveis até 2025, isto é a parte da EDP, portanto, Ocean Winds, como um todo, tem o nosso parceiro [Engie] que depois investe a outra metade e isto pode representar até cerca de 17 GW, 17.000 megawatts, de capacidade renovável no oceano", explicou à Lusa o presidente executivo, Miguel Stilwell d'Andrade, a propósito da Conferência dos Oceanos das Nações Unidas, que tem lugar em

Portugal, de 27 de junho a 01 de julho, e que conta com a participação da EDP.

A Ocean Winds é uma 'joint venture' criada pela EDP e a francesa Engie, em julho de 2020, que tem como propósito o investimento em projetos eólicos a nível global.

Este investimento está previsto no plano de negócios da empresa até 2025, mas, segundo o presidente executivo, está a ser analisada a hipótese de ir "mais além", uma vez que a Ocean Winds "já conseguiu alcançar aquilo que estava previsto no plano de negócios".

"[O eólico 'offshore'] claramente é uma das áreas que está a crescer mais, está a ser mais difícil fazer eólica 'onshore' [em terra], até por questões ambientais e, às vezes, alguma resistência por comunidades locais, e, nesse sentido,



o 'offshore' tem bastante mais potencial", afirmou o líder da EDP.

Do total de capacidade eólica 'offshore' prevista, cerca de cinco a sete GW de projetos estão já em operação ou em construção até 2025, por exemplo, na Escócia ou na Bélgica.

A empresa tem também mais cinco a 10 GW de projetos em desenvolvimento, por exemplo,

nos Estados Unidos, Coreia do Sul e França.

"Nós temos alguma experiência não só no 'offshore' convencional, temos mais de 1.000 MW a funcionar, por exemplo, na Escócia e temos cerca de 600 na Bélgica, mas temos também no flutuante, eu acho que aí nós temos um dos projetos que é pioneiro, que é o WindFloat, perto de Viana do Cas-

telo, é uma tecnologia que estamos a pensar utilizar também noutros projetos", apontou Stilwell d'Andrade.

Em Portugal, a EDP iniciou a aposta neste tipo de tecnologia com o desenvolvimento do WindFloat Atlantic, que permitiu a exploração do potencial eólico no mar, em profundidades superiores a 40 metros, tratando-se da primeira implantação eólica 'offshore' em todo o mundo sem recurso às tradicionais estacas que são utilizadas neste tipo de infraestruturas, e que entrou em operação em 2020.

Segundo os dados mais recentes, avançados pelo responsável, o WinFloat produziu no total cerca de 130 gigawatts-hora (GWh), que podem abastecer mais de 100.000 habitantes e evitar a emissão de 58.000 toneladas de dióxido de carbono (CO2).

É de Ponte de Lima e venceu dois prémios no Miss Freedom of the World

Soraia Barbosa, eleita Miss Viana e 1.ª Dama no concurso Miss Queen Portugal, venceu duas faixas no concurso internacional Miss Freedom of The World, que decorreu em Pristina, na República do Kosovo.

O anúncio foi feito pelo pai, João Barbosa, nas redes sociais, dando nota da eleição de Soraia, enfermeira veterinária de 28 anos, natural de São Martinho da Gandra, Ponte de Lima, para os títulos de Miss Personality e Miss Grand Prix.

A liminana representou o país e contou com o apoio da orga-



nização do concurso Miss Queen Portugal, destacando-se por entre as representantes de 43 países que submeteram candidatura ao

evento.

Criado em 2011, e com sede permanente em Pristina, o Miss Freedom of The World é um concurso internacional de beleza que agrega mais de 20 países de diferentes pontos do 'globo', pretendendo eleger, anualmente, uma mulher que represente a liberdade mundial e a liberdade feminina.

O concurso foi antecedido por um estágio de duas semanas onde as concorrentes tiveram oportunidade de partilhar experiências, viajar e participar em sessões de fotografia, um pouco por toda região do Kosovo e também da Albânia.

Feira Medieval de Caminha de 20 até 24 de julho

A Feira Medieval de Caminha está de regresso em 2022, de 20 a 24 julho, sendo o "Caminho de Santiago" o tema da edição deste ano, a percorrer no centro histórico da Vila de Caminha.

A Câmara Municipal de Caminha, deu nota que haverá "mercadores, artesãos e sobretudo muita animação" durante os dias do evento. Esta será também uma forma promover os Caminhos de Santiago e celebrar o Ano Santo Jacobeu.

Ao escolher o "Caminho de Santiago" como tema da Caminha Medieval, a Câmara explica que "era comum para os cristãos na época medieval, a realização de uma peregrinação em vida a Santiago de Compostela, prática à qual os monarcas de todos os reinos faziam questão de realizar. Nesta edição vamos recriar a peregrinação da Rainha Santa Isabel a Santiago de Compostela. A rainha levou a cabo duas peregrina-



ções a Santiago (1325 e 1335), de acordo com o traçado seguido, poderá ter passado por Caminha em 1325, antes de chegar a terras leonesas.

O evento Caminha Medieval recria o ambiente medieval através do comércio, das artes, ofícios, divertimentos, sabores e hábitos alimentares da Idade Média. A iniciativa desenvolve-se no casco histórico da Vila de Caminha.

Festival Percursos da Música em Ponte de Lima

Lrá decorrer no centro histórico de Ponte de Lima, de 15 a 31 de julho, mais um festival "Percursos da Música". Este festival é composto por um conjunto de espetáculos de música clássica, erudita e contemporânea, realizados em locais de re-

ferência do Centro Histórico de Ponte de Lima e de Além da Ponte (Arcozelo), com a particularidade de todos se realizarem ao ar livre e serem gratuitos.

Para além da dinamização do Centro Histórico, pretende-se re-

alçar enquadramentos arquitetónicos únicos sem recurso a equipamentos técnicos que descaracterizem o meio envolvente, abrindo portas para a fruição cultural de uma maneira descontraída e de muito agrado para residentes, turistas e visitantes.

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Baloço gigante com vista sobre o rio Minho em Cerveira vai ser retirado

O ‘Cerlove’, baloço gigante com vista sobre o rio Minho, instalado no Miradouro do Cervo, em Vila Nova de Cerveira, vai ser retirado, adiantou a O MINHO o presidente da Junta de União de Freguesia de Cerveira e Lovelhe, Constantino Costa.

“Segundo a Câmara, a instalação do baloço, obedece a uma legalização e como tal não foi possível, vamos retirá-lo para não haver problemas”, explica o autarca, acrescentando que tal deverá acontecer logo que haja disponibilidade de uma grua para o tirar. “Entre esta semana e a que vem penso que irá sair”, revela.

Em comunicado, a Câmara afir-



mou que a Junta apenas em 21 março deste ano pediu a legalização da infraestrutura que fora instalada em 02 de julho 2020.

Constantino Costa explica que tal aconteceu nesta altura por alerta do comandante da Proteção Civil para proceder à legali-

zação. “Há centenas de baloços a nível nacional e talvez não haja nenhum legalizado. Até são as próprias câmaras que os põem lá. Até desconhecíamos essa legalização. Mas disseram-nos que está ilegal e vamos-o retirar”, lamenta o presidente da Junta.

Fortaleza de Valença vai ter Festival de Música com Gal Costa, António Zambujo e Gisela João no cartaz

Gal Costa, António Zambujo e Gisela João estão entre os artistas que vão atuar na primeira edição do Festival Contrasta, marcada para julho nas Cortinas de São Francisco, em Valença, anunciou a organização da iniciativa.

“Nos dias 15, 16 e 17 de julho, a Ritmos, promotora responsável pelo festival Vodafone Paredes de Coura, apresenta pela primeira vez o Festival Contrasta, com o apoio do Município de Valença. Com o objetivo de repetir anualmente o conceito, este novo festival, apresenta alguns dos nomes mais marcantes da atualidade musical”, lê-se num comunicado.

Em cada dia do festival haverá dois concertos: António Zambujo e Irma atuam em 15 de julho,



Gisela João e Tiago Nacarato, no dia 16, e Gal Costa e Tainá, no dia 17.

Os bilhetes – passes de três dias (com um custo de 20 euros) e bilhetes diários (10 euros) – estarão à venda a partir de quarta-feira.

Ensino superior em Monção

Curso Técnico Superior Profissional em Turismo de Gastronomia e Vinhos, nova oferta formativa do Instituto Politécnico de Viana do Castelo (IPVC), foi apresentado na Feira do Alvarinho de Monção, no dia 2 de julho.

Após dois anos de dedicação e persistência junto de diversos organismos estatais, a Câmara Municipal de Monção conseguiu trazer o ensino superior para Monção.

A confirmação deste objetivo, sempre presente, chegou a 28 de abril, coincidindo com a realização da Assembleia Municipal, tendo António Barbosa anunciado, com enorme satisfação, a boa nova para o nosso concelho.

Por decisão de António Barbosa

e a sua equipa, as aulas de âmbito teórico decorrerão, de forma provisória, nas instalações da EPRAMI, polo de Monção, até se encontrar uma solução definitiva. A componente prática terá lugar nos concelhos de Monção e Melgaço. Neste ano letivo 2022/2023, serão abertas as primeiras 30 vagas.

Tal como referiu o presidente da Câmara de Monção, António Barbosa, “Cheguei ao município em 2017, sempre tive como prioridade a aposta na educação. Depois de muito trabalho, começamos a ver recompensada toda a nossa dedicação e empenho. O novo curso, ligado à gastronomia e vinhos, vai potenciar a capacidade produtiva e empreendedora do concelho, gerando mais oportunidades aos nossos jovens”.

IX Resistência Limiana em BTT



Batotas, Clube de Desportos Radicais de Ponte de Lima, vai realizar a 16 de julho a IX Resistência Limiana, que consiste numa prova de resistência em BTT, que terá início às 20h00 e uma duração de 3 horas.

A Resistência Limiana em BTT volta com a grande novidade a Urban Night MTB Crédito Agrícola do Noroeste.

A prova consiste na duração

de 3 horas em bicicleta de BTT, num circuito de 4 kms, urbano, à noite. Esta prova é aberta a atletas masculinos e femininos, federados e não federados dos 11 anos até aos 75 anos.

O objetivo das 3 horas de resistência é realizar o maior número de voltas possível, num circuito fechado durante o tempo de prova.

Mais informações em www.batotas.pt.

**PUBLICITE
AQUI**

(00351) 960 069 934

comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

Festival “Art Beer Fest 2022” de 14 a 17 de julho em Caminha

O ArtBeerFest 2022, terá início a 14 de julho pelas 18h00 e terminará no dia 17 de julho pelas 01h00.

Este é um evento de grande dimensão numa viagem à cultura da cerveja num formato amplo e dinâmico, onde consumidores e visitantes, profissionais, empresas, Empreendedores e agentes de inovação, contactam e vivenciam o mundo fabuloso desta bebida secular, sempre actual e em constante evolução e revolução.

Exaltação da Cerveja como be-

bida para todas as ocasiões e todos os públicos, transmissão de conhecimento para o consumidor final e aproximação aos perfis do consumo, numa festa estival Open Air, capaz de gerar mobilização, motivação e interesse pelo tema.

Degustações, brewer shows, armonizações com gastronomia, provas comentadas, mostra e venda de produtos, oficinas, Master Classes e Labshops de empreendedorismo cervejeiro de todo o mundo.

Único e exclusivo no seu for-

mato, na oferta programática do calendário de eventos nacionais, o seu potencial mediático ultrapassa fronteiras e atrai os melhores empreendedores internacionais, network e agentes da “revolução das cervejas artesanais”, uma tendência global inequívoca onde se podem misturar conhecimento e experiência. Um evento de sequência anual e projecção internacional.

Caminha, pela sua identidade e posição geográfica, local de férias e de reconhecido posiciona-

mento e vocação turística, estrategicamente, acolhe este evento ao longo das suas ruas emblemáticas e de 4 praças do seu Centro Histórico, recebendo um consumidor entusiástico na abertura da estação.

Animação de rua, pontualizada com concertos de música, performances e actuações teatrais em espaços definidos. Jogos e concursos, actividades lúdicas e happenings, dão forma a todos os conteúdos da programação oficial em open air.



Domingos Saudáveis regressam a Arcos de Valdevez

A iniciativa “Domingos Saudáveis”, realizada pela Câmara de Arcos de Valdevez em parceria com “Studio 601”, vai regressar ao Campo do Trasladário no dia 10 de julho, revelou hoje a autarquia.

A ação, gratuita, inclui aulas de atividade física, no Campo do Trasladário, todos os do-

mingos, entre as 10:00 e as 12:30, nos dias 10, 17, 24 e 31 de julho, 21 e 28 de agosto e 04 e 11 de setembro.


Todas as iniciativas têm acesso livre, sendo que aqueles que queiram participar apenas terão de comparecer equipados com fato de treino e sapatilhas, sendo também aconselhável levarem água e protetor solar.

Festival de Folclore Internacional do Alto Minho

Irã decorrer pelas ruas de Viana do Castelo durante os dias 18 e 24, do mês de julho, o festival de folclore internacional do Alto Minho. Viana do Castelo volta-se a encher de alegria, danças e muita cor.

Mais de 200 dançarinos e músicos de oito países levam este mês o folclore e a cultura de quatro continentes às ruas da Princesa do Lima.

Esta edição conta a participação de grupos de países como Angola, Burundi, Colômbia, Costa do Marfim, Espanha Indonésia, Portugal e Servia.



31º Festival Jazz na Praça da Erva

Promovido pela Câmara Municipal de Viana do Castelo, o Festival Jazz na Praça da Erva foi iniciado em 1992 e terá este ano a sua 31ª edição, sendo o festival de jazz mais antigo do norte de Portugal e o segundo mais antigo do país. Regressa à sala de espetáculos que o viu nascer de 27 a 30 de julho, com duas propostas internacionais e duas nacionais.

2022 marca, assim, o regresso ao local original, a Praça da Erva, e ainda ao Teatro Municipal Sá de Miranda, num total de quatro concertos, sendo três com entrada livre na Praça da Erva e o de encerramento, no teatro, com entradas pagas (20€).





Restaurante “O Adérito”
 Sala com capacidade para 250 pessoas
 Casamentos/Batizados/Comunhões/Aniversários/Diárias
 Serviço de Catering
WWW.oaderito.com

Contactos:
 Tel: 251404412
 Tlm: 966575716/962683522
 email: restauranteoaderito@gmail.com

Qta do Pombal-Remoães
 4960-330 - Melgaço
Gerente
Adérito Pires Costa

Agrupación Europea da Reserva da Biosfera do Gêres-Xures está en marcha

A Deputación de Ourense liderará a representación dos concellos ourensáns que participarán na Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza dos territorios da Reserva da Biosfera Gêres-Xurés. Unha entidade de nova creación que se espera estea constituída antes de finais de ano e que terá entre os seus principais obxectivos “a captación de fondos europeos para a dinamización deste espazo nos máis diversos ámbitos”, destacou o vicepresidente segundo da Deputación, César Fernández, trala conclusión do encontro celebrado en Terras do Bouro pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho.

Na reunión participaron os representantes das cámaras municipais de Ponte da Barca, Montalegre, Arcos de Valdevez e Melgaço, ademais de Terras do Bouro como anfitrión. Por parte galega e xunto con César Fernández acudiu á convocatoria o secretario da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT)



da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Xosé Lago.

O vicepresidente segundo da Deputación valorou positivamente a decisión de iniciar un proxecto transfronteirizo, “un máis para a provincia con máis quilómetros de fronteira con Portugal”, onde as prioridades estará no desenvolvemento do territorio a través do coidado do medioambiente, da conservación e promoción do

patrimonio arquitectónico e material, “ademais de medidas de carácter social e de reto demográfico”.

A Deputación será a que estableza os concellos que formarán parte do proxecto, non menos de dez, xa que ademais dos situados na Reserva da Biosfera Gêres-Xurés tamén poderían sumarse outros municipios próximos.

Jovem de Arcos de Valdevez expõe fotografías analógicas da “aldeia fantasma” de Aceredo



Vidas “Interrompidas” é o nome da exposición da fotógrafa Marta Alves, patente na Casa das Artes de Arcos de Valdevez, até 31 de julho, sobre Aceredo, a “aldeia fantasma” no rio Lima, submersa há 30 anos e que agora emergiu devido à descida do nível das águas da barragem do Alto Lindoso.

Natural de Arcos de Valdevez, Marta Alves é descrita como “uma jovem artista que desde pequena se entusiasma com a arte de fotografar. Gosta especialmente de retratar pessoas singulares em momentos particulares. Porém,

há um interesse em desafiar-se e captar imagens que revelem uma importância histórico-social. É curiosa e atrevida na altura do registo, e busca perspectivas que suscitem reflexões”.

Em Aceredo, as fotografias foram captadas em analógico e “retratam memórias ímpares de quem por lá viveu anos e, conseqüentemente, procuram incitar à reflexão do flagelo das alterações climáticas. Atualmente a pequena aldeia de Aceredo é um ponto turístico com a visita de portugueses e de espanhóis, especialmente”.

